

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Resolución do 30 de abril de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se procede a nomear e facer pública a composición dos tribunais que xulgarán o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas convocados por Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro).*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 94, do venres 16 de maio de 2008, modificada pola corrección de erros publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 108, do xoves 5 de xuño de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Nas páxinas 8.927 e 8.928, onde di:

«Tribunal nº 3: especialidades que avalía:

Matemáticas, física e química, bioloxía, debuxo, educación física, tecnoloxía, economía».

«Tribunal nº 5: especialidades que avalía:

Asesoría e procesos de imaxe persoal, procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos».

Debe dicir:

«Tribunal nº 3: especialidades que avalía:

Física e química, bioloxía, debuxo, educación física, tecnoloxía, economía, análise e química industrial».

«Tribunal nº 5: especialidades que avalía:

Matemáticas, asesoría e procesos de imaxe persoal, procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, navegación e instalacións mariñas, organización e proc. de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos sanitarios, procesos e medios de comunicación, procesos e produtos en madeira e moble».

*Corrección de erros.-Resolución do 6 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, polas que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a presentación dos aspirantes e tamén as datas, as horas e os lugares en que terá lugar a primeira parte da proba.*

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 110, do luns 9 de xuño de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 10.901, onde di:

«Especialidade: cociña e pastelería. Tribunal único.

-Acto de presentación:

Data: 20 de xuño de 2008.

Hora: 17.00.

-Primeira parte da proba:

Data: 25 de xuño de 2008.

Hora: 10.00.

-Lugar:

CIFP Compostela. Lamas de Abade, s/n. 15702 Santiago de Compostela».

Debe dicir:

«Especialidade: cociña e pastelería. Tribunal único.

-Acto de presentación:

Data: 20 de xuño de 2008.

Hora: 17.00.

-Primeira parte da proba:

Data: 21 de xuño de 2008.

Hora: 10.00.

-Lugar:

CIFP Compostela. Lamas de Abade, s/n. 15702 Santiago de Compostela».

Na páxina 10.903, onde di:

«Especialidade: técnicas e procedementos de imaxe e son. Tribunal único.

-Acto de presentación:

Data: 20 de xuño de 2008.

Hora: 17.00.

-Primeira parte da proba:

Data: 25 de xuño de 2008.

Hora: 12.00.

-Lugar:

IES Audiovisual de Vigo. r/ Eduardo Cabello, s/n. 36208 Vigo».

Debe dicir:

«Especialidade: técnicas e procedementos de imaxe e son. Tribunal único.

-Acto de presentación:

Data: 20 de xuño de 2008.

Hora: 17.00.

-Primeira parte da proba:

Data: 21 de xuño de 2008.

Hora: 10.00.

-Lugar:

IES Audiovisual de Vigo. r/ Eduardo Cabello, s/n. 36208 Vigo».

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL NUMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza  
(223/2006).*

Ana María Carrasco García, secretaria do Xulgado do Social número catro da Coruña, dou fe e certificado que neste xulgado se seguen autos número 223/2006, por instancia de Rafael Ángel Barbón Ponce contra *Gráficas Plasan, S.L.*, sobre cantidade, nos cales se ditou sentenza no 9-5-2008 que, copiada nos particulares necesarios, di:

«Decido que, estimando a demanda promovida por Rafael Barbón Ponce, representado pola letrada Arijón Loureiro, contra a empresa *Gráficas Plasan, S.L.*, que non compareceu no xuízo, condeno a empresa a aboar ao demandante a suma de 10.597,60 euros máis os xuros por mora no pagamento do salario do 10% do debido.

Notifíquese esta resolución ás partes e fáiselles saber que non é firme e que contra ela cabe interpor

recurso de suplicación para ante o Tribunal Superior de Galicia, Sala do Social, que debe anunciar previamente ante este Xulgado do Social no termo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* a fin de que sirva de notificación en forma a empresa *Gráficas Plasan, S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña no 14 de maio de 2008.

A secretaria xudicial  
Rubricado

*Cédula de notificación de sentenza  
(256/2006).*

Ana María Carrasco García, secretaria do Xulgado do Social número catro da Coruña, dou fe e certificado que neste xulgado se seguen autos nº 256/2006, por instancia de María Margarita Vidal Rouco, Concepción Doldán Limideiro, María de los Ángeles Verdes Villanueva e María del Carmen Gómez Polo, contra *Marcoplan, S.L.*, sobre salarios, nos cales se ditou sentenza no día 9 de maio de 2008 que, copiada nos particulares necesarios, di:

«Decido que, estimando a demanda promovida por María Margarita Vidal Rouco, Concepción Doldán Limideiro, María de los Ángeles Verdes Villanueva e María del Carmen Gómez Polo, representadas pola graduada social María José Núñez Santos, contra a empresa *Marcoplan, S.L.*, que non compareceu no xuízo, condeno a empresa a aboar a María Margarita Vidal Rouco, 2.702,03 euros, a Concepción Doldán Limideiro, 2.894,92 euros, a María Ángeles Verdes Villanueva, 2.776,55 euros e a Carmen Gómez Polo, 5.210,68 euros.

Notifíquese esta resolución ás partes e fágaselles saber que non é firme e que contra ela se pode interpor recurso de suplicación para ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, que debe anunciar previamente neste xulgado do Social no termo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a fin de que sirva de notificación en forma á empresa *Marcoplan, S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña no 14 de maio de 2008.

A secretaria xudicial  
Rubricado